

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE FENE REALIZADA O DÍA SEIS DE MAIO DE DOUS MIL DEZ

Na vila de Fene, no salón de Plenos do Concello, sendo as 18:00 horas do día seis de maio de dous mil dez, baixo a presidencia do alcalde-presidente **D. Iván Puentes Rivera** reuniuse, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello de Fene ós efectos de realizar a sesión **ordinaria** convocada para o día da data.

Concelleiros asistentes:

D. Iván Puentes Rivera
D. José Antonio López Rodríguez
D^a María del Carmen Silvar Canosa
D. Juan Manuel Lourido González
D^a Amalia García Balado
D. Manuel Ángel Rodríguez Carballeira
D^a Rocío Rey Sampayo
D^a Rita María Couto Seijido
D^a Inés Roca Requeijo
D. Manuel Vicente Pico Sanmartín (quen se incorpora á sesión no momento que se sinala nesta acta)
D. Manuel Polo Gundín
D. Edgar Antonio Vigo López
D. Gumersindo Pedro Galego Feal
D^a Rocío Aurora Bértoa Puente
D. Juan José Franco Casal
D^a María del Pilar Fornos Corral
D. Manuel Sánchez Martínez

Interviu como secretario:

D. Jesús Tallón García

Asiste a interventora:

D^a Marta Roca Naveira

Comprobado que se dá o quórum legalmente esixido declárase aberta a sesión polo Sr. alcalde, e procédese ó tratamento dos asuntos seguindo a orde do día:

1^o.- Aprobación, se procede, da acta da sesión extraordinaria celebrada en data de 23 de marzo de 2010.

Tódolos membros da Corporación recibiron copia da acta sometida a aprobación que se dá por lida. Polo Sr. alcalde-presidente pregúntase se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión sometida a votación e non formulándose ningunha, polo Sr. alcalde-presidente, sométese a votación ordinaria a súa aprobación, de xeito que o Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros presentes, acorda:

A aprobación da acta da sesión extraordinaria de 23 de marzo de 2010.

2º.- Modificación de finalidades do préstamo núm. 95-444 50711 formalizado co Bando de Credito local.

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica adoptado en sesión ordinaria celebrada en data 22 de abril de 2010 que acordou ditaminar favorablemente que o Pleno acorde:

“1º Aprobar a seguinte modificación de finalidades do préstamo 95-44450711 formalizado co Banco de Crédito Local por importe de 700.000,00 euros no exercicio 2005:

- Novas inversións a dotar:
Nº

| Proxecto | Denominación | Importe (€) |
|------------|--|-------------|
| 76 | Plan de Obras e Servicios 2007. | 82.416,97 |
| 8g | PCP 2007: muro de contención do camiño das Chancas | 76.750,78 |
| TOTAL----- | | 159.167,55 |

- Inversións substituídas polas anteriores:

| Denominación | Importe (€) | |
|---------------------------------------|-------------|------------|
| Sinaliz. viaria S. Valentín | 15,21 | |
| Rep. Xogos inf. Parques | 1.967,21 | |
| Invest. Abast. Auga | 11.787,88 | |
| Cemiterio Limodre | 59,03 | |
| Achega Plan Galicia | 37,66 | |
| Pavimentación camiños CAstiñ. Maniños | 41.681,82 | |
| Plan limpeza cunetas 1, 3 | 37.110,00 | |
| Estación bombeo Regueiro | 21.000,00 | |
| Terreos Pos 2006 | 45.508,74 | |
| TOTAL----- | | 159.167,55 |

2º Dar traslado á Intervención, Tesourería municipais.”

Procédese á votación da proposta da Alcaldía ditaminada pola comisión informativa correspondente có resultado de que, en votación ordinaria, e por dezaseis votos a favor (de tódolos concelleiros presentes) o Pleno acorda:

1º Aprobar a seguinte modificación de finalidades do préstamo 95-44450711 formalizado co Banco de Crédito Local por importe de 700.000,00 euros no exercicio 2005:

- Novas inversións a dotar:
Nº

| Proxecto | Denominación | Importe (€) |
|----------|---------------------------------|-------------|
| 76 | Plan de Obras e Servicios 2007. | 82.416,97 |

8g

PCP 2007: muro de contención do camiño das Chancas

76.750,78

TOTAL-----159.167,55

- Inversións substituídas polas anteriores:

| Denominación | Importe (€) |
|---------------------------------------|-------------|
| Sinaliz. viaria S. Valentín | 15,21 |
| Rep. Xogos inf. Parques | 1.967,21 |
| Invest. Abast. Auga | 11.787,88 |
| Cemiterio Limodre | 59,03 |
| Achega Plan Galicia | 37,66 |
| Pavimentación camiños CAstiñ. Maniños | 41.681,82 |
| Plan limpeza cunetas 1, 3 | 37.110,00 |
| Estación bombeo Regueiro | 21.000,00 |
| Terreos Pos 2006 | 45.508,74 |

TOTAL-----159.167,55

2º Dar traslado á Intervención, Tesourería municipais.

3º.- Aprobación inicial do expediente de suplemento de crédito 1/2010.

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica adoptado en sesión ordinaria celebrada en data 22 de abril de 2010 que acordou ditaminar favorablemente que o Pleno acorde:

“1º Aproba-lo expediente nº 1/2010 de Suplemento de Créditos por un importe global de 159.167,55 €, conforme ó seguinte detalle:

-Aplicacións orzamentarias suplementadas:

| APLICACIÓN ORZAMENTARIA | | CONSIGNACION ANTERIOR | AUMENTO | CREDITO DEFINITIVO |
|-------------------------|--------------------------------------|-----------------------|-----------|--------------------|
| CODIGO | DENOMINACION | | | |
| 453/609.00 | Muro de contención do camiño Chancas | 150.165,43 | 76.750,58 | 226.916,01 |
| 453/76/609.01 | Dotación serv. Pav. Núcleo Fene | 243.464,72 | 82.416,97 | 325.881,69 |

-Financiación: baixas por anulación de créditos por importe de 135.431,26 euros procedentes das seguintes partidas:

| APLICACIÓN ORZAMENTARIA | | CONSIGNACION ANTERIOR | DISMINUCION | CREDITO DEFINITIVO |
|-------------------------|------------------------------|-----------------------|-------------|--------------------|
| CODIGO | DENOMINACION | | | |
| 151/600.00 | Adquisición terreos POS/2006 | 45.508,74 | 45.508,74 | 0,00 |
| 161/623.00 | Estación bombeo Regueiro | 21.000,00 | 21.000,00 | 0,00 |

| | | | | |
|------------|--|-----------|-----------|-------|
| 453/609.01 | Plan limpeza cunetas 1º de 3º | 27.240,70 | 27.240,70 | .0.00 |
| 453/609.01 | Pavimentación camiños Castiñeiro-Maniños | 41.681,82 | 41.681,82 | 0.00 |

--Financiación: RLTFGA (DF, positivas acumuladas) dos seguintes proxectos:

| Investimento | Importe proxecto (€) | DF+ (RLTGFA).(€) |
|-----------------------------|----------------------|------------------|
| Sinaliz. viaria S. Valentín | 9.000,00 | 15,21 |
| Rep. Xogos inf. Parques | 9.000,00 | 1.967,21 |
| Invest. Abast. Auga | 96.000,00 | 11.787,88 |
| Cemiterio Limodre | 24.000,00 | 59,03 |
| Plan Limpeza cunetas | 37.110,00 | 9.869,30 |
| Achega Plan Galicia | 72.000,00 | 37,66 |

Condicionando, en todo caso, a súa efectividade á adopción do acordo polo Pleno da Corporación de cambio de finalidade do crédito concertado co Banco de Crédito Local no exercicio 2005 por importe de 700.000,00 €.

2º Financia-lo expediente nº 1/2010 de suplementos de créditos mediante o baixas por anulación de créditos e RLTFGA por importe total de 159.167,55 euros.

3º De conformidade co establecido no artigo 177.2 do RDL2/2004, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, proceder á exposición pública do apartado 1 do presente acordo por quince días hábiles, mediante inserción de anuncio no BOP e no Taboleiro de edictos deste Concello.

4º O expediente entenderase definitivamente aprobado, e unha vez publicado, no caso de que durante o referido período de exposición pública non se presenten reclamacións."

Procédese á votación da proposta da Alcaldía ditaminada pola comisión informativa correspondente có resultado de que, en votación ordinaria, e por dezaseis votos a favor (de tódolos concelleiros presentes) o Pleno acorda:

1º Aproba-lo expediente nº 1/2010 de Suplemento de Créditos por un importe global de 159.167,55 €, conforme ó seguinte detalle:

-Aplicacións orzamentarias suplementadas:

| APLICACIÓN ORZAMENTARIA | | CONSIGNACION ANTERIOR | AUMENTO | CREDITO DEFINITIVO |
|-------------------------|--------------------------------------|-----------------------|-----------|--------------------|
| CODIGO | DENOMINACION | | | |
| 453/609.00 | Muro de contención do camiño Chancas | 150.165,43 | 76.750,58 | 226.916,01 |
| 453/76/609.01 | Dotación serv. Pav. Núcleo Fene | 243.464,72 | 82.416,97 | 325.881,69 |

-Financiación: baixas por anulación de créditos por importe de 135.431,26 euros procedentes das seguintes partidas:

| APLICACIÓN ORZAMENTARIA | CONSIGNACION | DISMINUCION | CREDITO |
|-------------------------|--------------|-------------|---------|
|-------------------------|--------------|-------------|---------|

| CODIGO | DENOMINACION | ANTERIOR | | DEFINITIVO |
|---------------|--|-----------------|-----------|-------------------|
| 151/600.00 | Adquisición terreos POS/2006 | 45.508,74 | 45.508,74 | 0,00 |
| 161/623.00 | Estación bombeo Regueiro | 21.000,00 | 21.000,00 | 0,00 |
| 453/609.01 | Plan limpeza cunetas 1º de 3º | 27.240,70 | 27.240,70 | .000 |
| 453/609.01 | Pavimentación camiños Castiñeiro-Maniños | 41.681,82 | 41.681,82 | 0.00 |

--Financiación: RLTFGA (DF, positivas acumuladas) dos seguintes proxectos:

| Investimento | Importe proxecto (€) | DF+ (RLTGFA).(€) |
|-----------------------------|-----------------------------|-------------------------|
| Sinaliz. viaria S. Valentín | 9.000,00 | 15,21 |
| Rep. Xogos inf. Parques | 9.000,00 | 1.967,21 |
| Invest. Abast. Auga | 96.000,00 | 11.787,88 |
| Cemiterio Limodre | 24.000,00 | 59,03 |
| Plan Limpeza cunetas | 37.110,00 | 9.869,30 |
| Achega Plan Galicia | 72.000,00 | 37,66 |

Condicionando, en todo caso, a súa efectividade á adopción do acordo polo Pleno da Corporación de cambio de finalidade do crédito concertado co Banco de Crédito Local no exercicio 2005 por importe de 700.000,00 €

2º Financia-lo expediente nº 1/2010 de suplementos de créditos mediante o baixas por anulación de créditos e RLTFGA por importe total de 159.167,55 euros.

3º De conformidade co establecido no artigo 177.2 do RDL2/2004, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, proceder á exposición pública do apartado 1 do presente acordo por quince días hábiles, mediante inserción de anuncio no BOP e no Taboleiro de edictos deste Concello.

4º O expediente entenderase definitivamente aprobado, e unha vez publicado, no caso de que durante o referido periodo de exposición pública non se presenten reclamacións.

4º.- Moción do Grupo municipal do B.N.G. relativa á simplificación da xestión do certificado de empadramento.

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Organización e seguridade adoptado en sesión ordinaria celebrada en data 26 de abril de 2010 que acordou ditaminar favorablemente que o Pleno acorde:

“1.- A Administración municipal adoptará as medidas encamiñadas a expedir, con carácter xeral ao momento, os certificados de empadramento, tanto individuais como colectivos.

2.- Para dar cumprimento ao sinalado no precedente apartado 1, adoptaranse as seguintes medidas:

- a. O Concello elaborará un modelo normalizado de solicitude, sinxelo de cubrir e de fácil comprensión, que estará ao dispor dos interesados nas dependencias nas que se atopan as oficinas do padrón.
- b. A entidade local adoptará as medidas necesarias para que a/o funcionaria/o encargado do padrón asine por delgación (artigo 16 da LRX-PAC) os mencionados certificados, que serán expedidos, con carácter xeral, no momento no que os interesados entreguen en man a solicitude efectuada no modelo ao que se fixo mención.
- c. O Concello acorda, así mesmo, estudar a posibilidade de implantar mecanismos similares noutros procedementos de tramitación sinxela, para evitar perdas de tempo ás persoas interesadas.”

Neste punto incorpórase o concelleiro Manuel Vicente Pico Sanmartín

O voceiro do Gupo municipal do B.N.G., Manuel Polo Gundín, explica o sentido da moción proposta sinalando que básicamente pretende que o Concello adopte as medidas necesarias para que os certificados de empadroamento se realicen e sexan entregados no momento, sempre que sexa posible, e estudar mecanismos que axilicen outras actividades administrativas do Concello.

O voceiro do Grupo municipal do P.P., Gumersindo Pedro Galego Feal, fai uso da palabra para dicir que o seu Grupo apoia a simplificación da tarefas administrativas.

O voceiro do Grupo mixto municipal, Manuel Sánchez Martínez, fai uso da palabra para dicir que apoia a moción xa que todo o que sexa axilizar é positivo.

O alcalde fai uso da palabra para dicir, que tal e como se sinalou na sesión da comisión informativa pola Secretaría, entende que esta moción consiste en instar, pero que non é competencia do Pleno senón que é un materia de competencia do propio secretario, pero que en calquera caso van a apoiar a moción.

Procédese á votación da moción presentada polo Grupo municipal do B.N.G., ditaminada pola comisión informativa de organización e desenvolvemento de 26 de abril de 2010, có resultado de que, en votación ordinaria, e por dezasete votos a favor (de tódolos concelleiros presentes) o Pleno acorda:

1.- A Administración municipal adoptará as medidas encamiñadas a expedir, con carácter xeral ao momento, os certificados de empadroamento, tanto individuais como colectivos.

2.- Para dar cumprimento ao sinalado no precedente apartado 1, adoptaranse as seguintes medidas:

- a. **O Concello elaborará un modelo normalizado de solicitude, sinxelo de cubrir e de fácil comprensión, que estará ao dispor dos interesados nas dependencias nas que se atopan as oficinas do padrón.**
- b. **A entidade local adoptará as medidas necesarias para que a/o funcionaria/o encargado do padrón asine por delgación (artigo 16 da LRX-PAC) os mencionados certificados, que serán expedidos, con carácter xeral, no momento no que os interesados entreguen en man a solicitude efectuada no modelo ao que se fixo mención.**

c. O Concello acorda, así mesmo, estudar a posibilidade de implantar mecanismos similares noutros procedementos de tramitación sinxela, para evitar perdas de tempo ás persoas interesadas.

5º Aprobación do informe técnico-urbanístico en relación coa afección e efectos en Fene do Plan de ordenación do litoral en Galicia de data de 19 de abril de 2010 redactado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal.

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de desenvolvemento territorial adoptado en sesión ordinaria celebrada en data 30 de abril de 2010 que ditaminou favorablemente que o Pleno acorde:

“Primeiro: Aprobar o informe técnico-urbanístico en relación coa afección e efectos en Fene do Plan de ordenación do litoral en Galicia de data de 19 de abril de 2010 redactado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal.

Segundo: Remitir á Xunta de Galicia este informe.”

O alcalde fai uso da palabra para dicir que sobre o Plan de ordenación do litoral (POL) redactado pola Xunta de Galicia, que aínda se atopa nunha fase preliminar previa á aprobación inicial, foi realizado un informe polo enxeñeiro municipal detectando determinadas contradicións que entende que é preciso correxir. Sinala o alcalde que o informe xa foi remitido á Xunta, por mor dos prazos.

O voceiro do Grupo municipal do B.N.G. fai uso da palabra para dicir que o seu Grupo apoia o informe técnico e que quere deixar constancia da preocupación do seu Grupo neste asunto, xa que entenden que se a Xunta non ten en conta as advertencias que constan no informe veríanse afectadas zonas urbanas do Concello. Di tamén o concelleiro que detectaron contradicións no POL presentado pola Xunta ó Concello que demostran o seu descoñecemento da ribeira. Conclúe dicindo que o seu Grupo vai valorar a posibilidade de facer unha proposta consistente en que se retire o Plan se non se introducen as modificacións que corrixan as deficiencias que o técnico municipal sinala.

O voceiro do Grupo municipal do P.P. sinala que comparten as consideracións técnicas, pero o seu Grupo quere deixar constancia de que a aplicación do POL será a aplicación dunha lei do Parlamento de Galicia e que a consideración do informe técnico de que se vai producir unha aplicación discrecional non é correcta. Prosegue dicindo que o POL que se deu a coñecer é só un primeiro achegamento e que aínda non se iniciou a fase de alegacións. Di o concelleiro que quere destacar a distinta forma de traballar do actual goberno da Xunta de Galicia que agora remite as actuacións antes de adoptar un acordo, co obxectivo de sumar, a diferenza da forma de actuar do anterior goberno da Xunta co Plan sectorial de solo industrial. O concelleiro do Grupo mixto sinala que comparte as consideracións e recomendacións do informe técnico e sinala que o POL aínda se atopa en fases iniciais.

Concédeselle a palabra ó concelleiro do Grupo municipal do PSOE, Manuel Ángel Rodríguez Carballeira, quen fai uso da palabra para dicir que non hai ninguén que dubide da necesidade de ordear o litoral, que os perigos da construción que invade a costa xa os intentou frenar o goberno anterior da Xunta de Galicia. Prosegue o concelleiro dicindo que o documento presentado no Concello presenta dificultades de comprensión, erros cartográficos, invade solo que se atopa ata cinco kilómetros hacia o interior dende a ribeira do mar e presenta erros importantes como por exemplo os relativos á denominación e pon o exemplo de Foxas que se califica como novo asentamento cando é dos asentamentos con máis antigüidade no Concello. Erros que demostran, di o concelleiro, o descoñecemento do territorio. Engade o concelleiro que a pesar de que o POL non debía calificar ou clasificar o solo si que está a facelo. Di o concelleiro que a proposta da Xunta afecta o planeamento de Fene ata o punto de calificar solo urbano consolidado como solo de mellora medioambiental, polo que se está,

segundo o concelleiro, incidindo en competencias municipais clasificando solo. Conclúe dicindo que, aínda estando nunhas primeiras fases de redacción do POL e que hai que esperar ó resultado final, este documento presenta graves erros.

O voceiro do Grupo municipal do B.N.G. fai uso da palabra para dicir que coinciden, no fundamental, coas consideracións técnicas, pero que é preciso dicir que o documento non hai por onde cóllelo e que afecta ós veciños de Fene profundamente, sinalando como exemplo a definición que o documento do POL lle otorga a unha zona entre dous ríos. Prosegue o concelleiro dicindo que o voceiro do Grupo municipal do P.P. critica o Plan de vivenda que promoveu a goberno anterior da Xunta, pero que ese proxecto afectaba a 150.000 metros cadrados, non a todo o Concello, e que afectaba ós propietarios dos terreos incluídos no proxecto e beneficiaba ós veciños anotados no rexistro de solicitantes de vivendas protexidas, e que confundir ese proceso, que ía dar lugar a un determinado número de vivendas de protección oficial, co documento do POL non é axeitado. Prosegue dicindo que o goberno da Xunta anterior adoptou unha medida de precaución ante os desmáns nalgúns concellos, que a nova solución proposta polo documento presentado ó Concello pasa por riba da autonomía municipal sen ter en conta a natureza urbanística do solo e mesmo a súa realidade.

O voceiro do Grupo municipal do P.P. sinala que o plan sectorial de Centieiras era para sacarlle os terreos os propietarios e darllos ós promotores, non para facer vivendas sociais. Prosegue dicindo que o POL non vai afectar a todo o Concello. Ademais, di o concelleiro, o POL está nunha fase previa, na que se está a facer unhas alegacións técnicas que o seu Grupo apoia. Di que ninguén se atrevera a regular antes o litoral e que a medida dos cincocentos metros imposta pola anterior Xunta non é xusta. Critica o concelleiro detrerminadas consideracións do informe técnico que califica de persoais e afirma que o POL non se aplicará discrecionalmente senón como calquera norma do Parlamento de Galicia. Di o concelleiro que o goberno autonómico actual consensúa as normas, como a lei do comercio ou do solo, e que ademais existe un foro onde discutir e debater sobre o POL, que é unha comisión creada por unanimidade, con independencia, di o concelleiro, das alegacións que lle corresponde ó Concello.

Fai uso da palabra o alcalde que di que o documento presentado non concreta temas importantes como si é posible construír en espazos definidos como de mellora ambiental e a iso de refire a discrecionalidade aludida polo informe técnico. Prosegue dicindo que a tramitación deste instrumento se atopa nun momento inicial e el apostaría que non se van a incorporar as suxestións manifestadas polo Concello ó documento.

O concelleiro do Grupo municipal do PSOE, Manuel Ángel Rodríguez Carballeira, sinala que coa aprobación inicial o Pol entrará en vigor, e que aínda que despois se poida modificar traerá as súas consecuencias.

Procédese á votación do asunto, ditaminado pola comisión informativa correspondente, có resultado de que, en votación ordinaria, e por dezasete votos a favor (de tódolos concelleiros presentes) o Pleno acorda:

Primeiro: Aprobar o informe técnico-urbanístico en relación coa afección e efectos en Fene do Plan de ordenación do litoral en Galicia de data de 19 de abril de 2010 redactado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal.

Segundo: Remitir á Xunta de Galicia este informe.

FASE DE CONTROL AOS ÓRGANOS DE GOBERNO

1º Mocións

A) Polo Grupo municipal do B.N.G.

1º O voceiro do Grupo municipal do B.N.G. fai uso da palabra para dicir que por rexistro de entrada presentouse unha moción, en prazo para que fose ditaminada pola Comisión informativa, no sentido de que o Concello de Fene se dotara dun regulamento sobre o uso do galego, pero que por cuestións técnicas non foi posible o debate na comisión informativa. O seu Grupo cambia o sentido da moción transformándoa nunha petición ó goberno municipal para que se dea impulso ó “Regulamento municipal do impulso do galego do Concello de Fene”. Dá lectura á nova moción proposta que copiada literalmente di:

“GRUPO MUNICIPAL DO BNG NO CONCELLO DE FENE

Manuel Polo Gundín, portavoz do GM do BNG no Concello de Fene, ao abeiro da lexislación vixente presenta a seguinte Moción:

DE IMPULSO DO GALEGO DO CONCELLO DE FENE

No ano 1963 a Real Academia Galega instituíu o 17 de maio como “Día das Letras Galegas” para homenaxear a aquelas persoas que destacaron pola súa creación literaria en lingua galega ou pola defensa do noso idioma.

As mudanzas na situación sociopolítica do país converteron o “Día das Letras Galegas” nunha data de forte valor simbólico-referencial na que, xunto á divulgación da obra do/a autor/a homexaneado, teñen lugar diferentes iniciativas encamiñadas á afirmación dos nosos niveis de identidade mediante medidas conducentes a superar os novos retos que se lle formulan á lingua e á cultura galegas.

É neste contexto no que temos que enmarcar a “Declaración de Compostela do 17 de maio de 1984” e a súa reafirmación e actualización no seu 25º aniversario pola que numerosos alcaldes e acaldesas comprometéronse a impulsar a normalización da lingua galega nos seus concellos coa adopción de acordos plenarios para promover e impulsar o uso da nosa lingua na administración local.

A primeira corporación municipal democrática do noso Concello amosou o seu compromiso co proceso de normalización lingüística adoptando diferentes medidas para restituírle ao noso idioma o lugar que por dereito propio lle corresponde. Compromiso que se sistematizou a partir de 1984 coa constitución do Servizo Municipal de Normalización Lingüística e a aprobación do primeiro regulamento de uso do galego.

Ao longo destes vinteseis anos foron moitas as medidas e as iniciativas a prol da nosa lingua promovidas polas respectivas corporacións, medidas que contaron co apoio do conxunto do cadro de persoal e da veciñanza en xeral e que converteron ao Concello de Fene nunha administración de referencia no eido da normalización lingüística.

Non obstante, asistimos nos últimos tempos a unha situación esperpéntica, provocada por sectores políticos e mediáticos que pretenden trasladar á opinión pública a idea de que o idioma castelán corre perigo en Galiza, por mor dunha suposta imposición do galego e dunha suposta discriminación a que se vén sometidas as persoas que falan nesta lingua. Mentres tanto, a realidade é claramente á inversa: o proceso de normalización de usos do galego foi lento e, até hoxe, insuficiente para garantir o dereito a vivir na nosa lingua. Na práctica, estamos na negación da igualdade e convivencia entre as dúas linguas, feito no que coinciden numerosos informes, organismos e entidades.

Así, un informe do Consello de Europa elaborado a finais de 2008, advertía que no noso País non se están a dar garantías para o uso normal do galego en ámbitos tan importantes como a

educación, a xustiza, os servizos públicos ou os medios de comunicación; incumpríndose os tratados internacionais sobre dereitos lingüísticos.

A situación crítica pola que atravesamos a lingua propia do País require que as diferentes administracións dean pasos firmes e decididos para reafirmar o seu compromiso coa lingua propia na liña perfilada polo Plan Xeral de Normalización Lingüística aprobado por unanimidade no Parlamento Galego. O Concello de Fene ten retrocedido nos últimos anos neste aspecto, tanto pola perda do uso público do galego como pola falla de vontade de manter e reforzar o SNL.

Por isto solicitamos do Pleno da Corporación a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. Que o goberno municipal impulse un REGULAMENTO MUNICIPAL DO USO DO GALEGO CONCELLO DE FENE.
2. Que o goberno municipal cubra con carácter urxente a praza de Técnico de cultura e do Servizo de Normalización lingüística.
3. Que o goberno municipal xestione un novo convenio para o mantemento do SNL municipal.
4. Apoiar activamente a manifestación convocada pola Plataforma Queremos Galego en defensa do noso idioma e que terá lugar o próximo 17 de Maio, en Santiago de Compostela. Con tal fin facilitará o transporte colectivo para aquelas persoas que decidan sumarse a esta mobilización.

Fene 5 de maio de 2010

Manuel Polo Gundín.
Portavoz do grupo municipal do BNG.
Alcalde do Concello de Fene.”

Prosegue dicindo que dende o seu grupo existe preocupación pola situación do galego en Fene, e que este Concello xa coa primeira e segunda corporación municipal democrática fixo un gran esforzo para garantir o dereito á normalización lingüística. Critica tamén o concelleiro a que define como actitude xeradora de conflitos que leva a diante o goberno galego nesta materia e xustifica a urxencia do asunto por ser o 17 de maio o día das letras galegas. Procédese á votación da urxencia da moción co resultado de que en votación ordinaria e por unanimidade dos membros do Pleno este acordase a urxencia.

Polo voceiro do Grupo municipal do P.P. faise uso da palabra para dicir que, aínda que votaron a favor dela, entende o seu Grupo que se está a dexenerar o concepto da urxencia, e pon o exemplo de que o seu Grupo ten presentada unha moción sobre o IVE pero que aínda non foi ditaminada pola Comisión correspondente polo que esperan ata que sexa ditaminada e non a presentan como urxente.

O alcalde fai uso da palabra para dicir que a moción á que se refire o voceiro do Grupo municipal do P.P. atópase no expediente doutra sesión plenaria e que quedou arquivada na documentación, pero que xa se atopa en poder da Secretaría e daráselle a tramitación correspondente. Agradece o comportamento do Grupo municipal do P.P. neste asunto.

O voceiro do Grupo municipal do P.P., retoma o uso da palabra para dicir que o seu Grupo vai votar en contra por mor do último punto da proposta. Di o concelleiro que o Concello de Fene se caracteriza polo uso total do galego en tódalas súas actuacións e que a lingua galega non sofre discriminación nin en Fene nin en Galicia e que a moción presentada pretende crear

conflicto. Di o voceiro que está de acordo con que se impulse o regulamento. Conclúe dicindo que o día das letras galegas debe ser todo o ano e non debe servir para a manipulación. Polo concelleiro do Grupo mixto municipal faise uso da palabra para dicir que vai a votar a favor da moción.

Polo alcalde faise uso da palabra para dicir que o Grupo ó que pertence vai votar a favor polo feito de que, aínda que entenden que o Concello de Fene é un dos Concellos onde existe unha maior normalización lingüística, o certo é que o galego non se atopa, no conxunto do país, nunha situación de normalización. Prosegue dicindo que nun recente estudo se concluíu que os nenos e nenas rematan a escolarización con maior competencia no castelán que no galego. Sinala que as administracións deben colaborar co avance na normalización e que ven positivamente un regulamento que lle dea un pulo á normalización lingüística no Concello, que respecto o segundo punto da proposta está o goberno local a traballar nelo e respecto do terceiro e cuarto punto tamén están de acordo con eles. Di o alcalde que o PP na oposición e no goberno utilizou a política lingüística para crear conflito e rachar o consenso existente na materia xerando un conflito onde non o había, intentando trasladar o conflito existente noutras comunidades á Galicia, precisamente cando evitar ese conflito foi un dos éxitos do goberno de Manuel Fraga e esa política foi, di o alcalde, a que o goberno bipartito seguiu mediante a aprobación dun regulamento que viña a trasladar as previsións da Lei para conseguir que en determinados ambientes urbanos se acadase a normalización. Prosegue dicindo que o PP utilizou algo que é de todos para crear un conflito e agora pretende que sen existir profesores coa formación necesaria impartan clases en inglés cando reduciron nun vinte por cento os gastos en formación para ese colectivo, e que é preciso manifestarse para defender a lingua e que precisamente grazas a esa presión social xa rectificou o goberno galego nalgúnha das súas posturas.

O voceiro da Grupo municipal do B.N.G. sinala que mentres vivamos nun país coaccionado lingüísticamente o BNG presentará este tipo de mocións. Di que existe unha diglosia neste país e pon o exemplo do cambio de idioma que fixo unha filla del cando falou cunha avogada e que ó preguntarlle á rapaza o motivo do cambio de idioma que utilizou para falar coa avogada a súa filla lle dixo que porque estaba detrás dunha mesa. E esa diglosia, di o concelleiro, existe na xustiza, na banca, na sanidade onde, salvo excepcións, fálase en castelán. Sinala o concelleiro que a administración local ten que estar a vangarda na normalización lingüística e que é certo que no Concello se respecta o uso do galego pero que el xa ten visto informes en castelán. O voceiro di que o idioma galego é o débil poque a sociedade na que vivimos é unha sociedade diglótica que parte das máis altas normas do Estado, a constitución e o estatuto de autonomía, que obrigan a coñecer o castelán e non o galego.

O voceiro do Grupo municipal do P.P. fai uso da palabra para dicir que o que foi presentado como unha moción no ámbito do Concello de Fene convertiuse an algo máis. Di que o seu Grupo votará en contra porque considera que xa por cuarta vez o Concello vai sufragar os custos do autobús da manifestación a Santiago e critica que a convocatoria da manifestación se tivera feita por unha plataforma, que segundo o voceiro, é do BNG. Tamén sinala o concelleiro que lle sorprende que o PSOE se sume a iniciativas como a do punto 4º da moción. Di que o galego se atopa normalizado no Concello de Fene, que se usa de forma continua na administración e no Concello de Fene e que o uso do galego incrementárase progresivamente e a medida en que as novas xeracións vaian coñecendo o galego irase incorporando ós distintos ámbitos.

Fai uso da palabra o alcalde que di que el se manifestou en convocatorias realizadas pola plataforma á que se referiu o voceiro do Grupo municipal do P.P. e que non é do B.N.G.. Di o alcalde que lle parece correcto que un Grupo manteña un criterio en relación con que o Concello asuma determinados gastos, pero que o Grupo municipal do P.P. votou a favor de que o Concello correra cos custos dos autobuses na manifestación de Rumbo 21. Prosegue dicindo o primeiro edil que se pensa no número de galegos falantes que existían cando o voceiro do Grupo municipal do P.P. era neno estes non son comparables cos números de

agora, que se perdeu a utilización do galego e que coñecer e falar o galego ao igual que se coñecía e falaba o latín na idade media é distinto a falalo e usalo normalmente e o contrario sería falar dunha lingua morta.

O voceiro do Grupo municipal do BNG fai uso da palabra para dicir que ao igual que na discriminación por razón de sexo se precisaron medidas e normas para conseguir un gran avance, tamén coa normalización do galego é preciso normas e persoal técnico e campañas de difusión a través dos medios. Engade que en trinta anos de liberdade lingüística predéronse galego falantes.

O voceiro do Grupo municipal do P.P. fai uso da palabra para dicir que a moción na que votaron a favor relativa a Rumbo 21 foi realizada por Rumbo 21 e os Grupos municipais aceptárona. Pregunta o voceiro que fará o Concello se para a manifestación se precisan cincuenta autobuses. O alcalde di que o Concello dará unha resposta razoable e que non vai contratar á totalidade dos autobuses de Ferrolterra.

Procédese á votación do asunto, có resultado de que, en votación ordinaria, por trece votos a favor (dos concelleiros que integran os Grupos municipais do PSOE, do BNG e do Mixto) e catro votos en contra (dos concelleiros que integran o Grupo municipal do P.P.) o Pleno acorda:

1 Que o goberno municipal impulse un REGULAMENTO MUNICIPAL DO USO DO GALEGO CONCELLO DE FENE.

2 Que o goberno municipal cubra con carácter urxente a praza de Técnico de cultura e a do Servizo de Normalización lingüística.

3 Que o goberno municipal xestione un novo convenio para o mantemento do SNL municipal.

4 Apoiar activamente a manifestación convocada pola Plataforma Queremos Galego en defensa do noso idioma e que terá lugar o próximo 17 de Maio, en Santiago de Compostela. Con tal fin facilitará o transporte colectivo para aquelas persoas que decidan sumarse a esta mobilización.

2º Moción relativa a sinalización

O voceiro do Grupo municipal do BNG fai uso da palabra para dicir que entende que é o momento de mellorar a sinalización, a seguridade vial e para que chegue ó ministerio e se teña en conta na elaboración dos orzamentos xerais do Estado.

Procédese á votación da urxencia do asunto acordándose esta en votación ordinaria por unanimidade dos concelleiros da Corporación.

Acto seguido procédese polo voceiro do Grupo municipal do BNG a dar lectura da moción que transcrita literalmente é a seguinte:

“GRUPO MUNICIPAL DO BNG NO CONCELLO DE FENE

Manuel Polo Gundín, portavoz do GM do BNG no Concello de Fene, ao abeiro da lexislación vixente presenta a seguinte Moción:

Relativa ás melloras na seguridade viaria na NVI ao seu paso por Fene.

Exposición de motivos

A alta sinistrabilidade na NVI ao seu paso por Fene é moi preocupante. O volume de accidentes concéntrase nas curvas de Santa Ana e no Rego da Moa. No BNG agardabamos que o novo firme melloraría cando menos a adherencia na zona de curvas, pero a pesar de ter unha nova capa de rodadura, esta non presenta as mellores condicións de seguridade xa que se seguen a producir accidentes. Por outra banda a lentitude das obras favorece o incremento de accidentes dada a ausencia de sinalización permanente e axeitada.

O BNG, a través do seu portavoz no Congreso, Francisco Jorquera, ten preguntado en outubro do 2009 ao Ministerio de Fomento polos prazos de execución da obra máis pola necesidade de que o Ministerio presente un proxecto de reurbanización desta estrada ao seu paso polo casco urbano de Fene. A resposta do Ministerio non puido ser máis desalentadora, seguen a estudar este proxecto así como as medidas de seguridade vial precisas. E mentras o Ministerio estuda, en Fene estamos cunha estrada sen rematar, perigosa, e sen medidas de seguridade viaria axeitadas. Por todo isto no BNG entendemos que é preciso o acordo unánime do Pleno para demandarlle ao Ministerio de Fomento que tome as medidas necesarias para mellorar a seguridade de peóns e automobilistas desta estrada ao seu paso por Fene.

Ao mesmo tempo o goberno municipal debe axilizar as xestións coa deputación provincial para eliminar a peligrosidade do cruce do Rego da Moa entre a estrada provincial 3503 e a NVI.

Por isto solicitamos do Pleno da Corporación a adopción dos seguintes ACORDOS:

- 1.- O Pleno da corporación demándalle ao Ministerio de Fomento a adopción das medidas necesarias para a mellora da seguridade vial na NVI ao seu paso polo concello.
- 2.- O Pleno da corporación demándalle ao Ministerio de Fomento a redacción dun proxecto de reurbanización e a inclusión do mesmo no orzamento do 2011, das beirarrúas da NVI ao seu paso por Fene, nomeadamente a Avd. Naturais e a Avd. das Pias e a prolongación das beirarrúas na Porta do Sol.
- 3.- O Pleno da corporación demándalle ao goberno municipal a negociación urxente coa Deputación da execución da alternativa do Cruce do Rego da Moa.
- 4.- Dar conta dos acordos 1º e 2º aos Grupos Parlamentares no Congreso, ao Ministro de Fomento e ao Delegado do Goberno en Galiza.

Fene 4 maio de abril de 2009

O portavoz do BNG
Manuel Polo Gundín.”

Toma a palabra o voceiro do Grupo municipal do B.N.G. que sinala que pola Policía local tívose coñecemento de 10 accidentes en hora diurna que precisaron de axuda policial. Di o concelleiro que esta situación é preocupante xa que seguen producíndose accidentes a pesar da capa nova de rodadura e que ademáis, tendo en conta a entrada en servizo da autoestrada, é preciso urbanizar a estrada local para que se converta nunha estrada local urbana.

O voceiro do Grupo municipal do P.P. manifesta estar o seu Grupo a favor da moción. Respecto da urxencia sinala que a situación de perigo existe dende fai tempo e recorda que xa solicitou pintar a estrada en Rogo da Moa e o PSOE, PP e EU votaron en contra porque entendían que podía producir un aumento dos accidentes.

O voceiro do Grupo mixto municipal sinala que está de acordo cos catro puntos sinalados na moción e que pretendía tratar este asunto como un rogo.

Toma a palabra o alcalde para suxerir unha emenda de xeito que se diga na moción “segundo o anteproxecto xa presentado polo Concello ó Ministerio de Fomento”. Explica o

alcalde que o proxecto prevé unhas obras cun presuposto de catro millóns de euros e que o pon a disposición dos Grupos por se o queren consultar.

Polo voceiro do Grupo municipal do B.N.G. sinálase que non existe inconveniente por introducir a emenda, e que descoñece si o proxecto o que se referiu o alcalde é o anteprojecto que xa fora elaborado polo BNG ou é outro. Solicita que se lle dea conta do proxecto nunha comisión informativa ou de voceiros.

O alcalde fai uso da palabra para dicir que o anteprojecto foi elaborado hai algo máis dun ano polo actual goberno municipal e que descoñecía a existencia doutro previo.

Prosegue dicindo o alcalde que coa capa nova de rodadura gañouse en adherencia e drenaxe, que en Santa Ana existe unha curva pechada e perigosa e que se producen accidentes por exceso de velocidade, que xa se solicitaron melloras como o paso de peóns na Avenida das Naturais ou a anulación do carril de Rego da Moa. Di o alcalde que recorda o que dixo o PSOE na sesión plenaria na que o Partido Popular presentou a moción á que se referiu o voceiro do Grupo municipal do P.P., e que o seu voto en contra foi por non aceptar unha emenda na moción á proposta do seu Grupo non por non aceptar que se eliminara o carril de aceleración.

O voceiro do Grupo municipal do P.P. sinala que entende que esta moción debería ser vista pola Policía local e os técnicos do Concello xa que poderían realizar suxestións a incorporar polos técnicos, incluso para informar ós concelleiros sobre a materia, para que non se inclúan cuestións técnicas mas mocións.

O voceiro do Grupo municipal do BNG fai uso da palabra para dicir que pode presentar mocións cando e como estimen. Di que a moción ten un contido político que é que o Ministerio de Fomento teña unha visión distinta da estrada que a convirta nunha rúa. Prosegue dicindo que o seu Grupo detecta que a siniestralidade se mantén e a sinlaxación se está a repetir, que non hai unha sensibilidade para adoptar medidas en prol da seguridade dos peóns e que é o momento para facer as xestións polo alcalde e o concelleiro de obras que teñen a totalidade do apoio da Corporación.

Procédese á votación da moción, có resultado de que, en votación ordinaria, e co voto favorable da unanimidade dos concelleiros da Corporación, o Pleno acorda:

1.- O Pleno da corporación demándalle ao Ministerio de Fomento a adopción das medidas necesarias para a mellora da seguridade vial na NVI ao seu paso polo concello.

2.- O Pleno da corporación demándalle ao Ministerio de Fomento a redacción dun proxecto de reurbanización e a inclusión do mesmo no orzamento do 2011, das beirarrúas da NVI ao seu paso por Fene, nomeadamente a Avd. Naturais e a Avd. das Pias e a prolongación das beirarrúas na Porta do Sol, segundo o anteprojecto xa presentado polo Concello ó Ministerio de Fomento.

3.- O Pleno da corporación demándalle ao goberno municipal a negociación urxente coa Deputación da execución da alternativa do Cruce do Rego da Moa.

4.- Dar conta dos acordos 1º e 2º aos Grupos Parlamentares no Congreso, ao Ministro de Fomento e ao Delegado do Goberno en Galiza.

2º Rogos e preguntas

a) Polo Grupo municipal do BNG

Polo voceiro do Grupo municipal do BNG realízanse as seguintes preguntas:

- Pregunta sobre o estado do proxecto de modificación das beirarrúas de Barallobre. Abandona a sesión a concelleira María del Pilar Fornos Corral.
- Pregunta polo estado do expediente relativo ó convenio coa Deputación para a adquisición de determinada maquinaria.
- Pregunta si é verdade que se comprometeron polo Concello 4000 euros para a feira de artesanía.
- Pregunta se é certo que se vai celebrar unha feira do mar e que se dea conta no seu caso na Comisión informativa.
- Solicita que se determine si os terreos dunhas naves en Barallobre son de propiedade do Estado ou de Portos de Galicia.
- Pregunta sobre as xestións feitas ante a Consellería por mor dos problemas relativos ós centros de ensino.
- Pregunta si se está a facer un seguimento das obras da EDAR.
- Pregunta si o Concello coñecía o corte da Rúa Vilar hacia a Escola Infantil e afirma que trouxo moitos problemas de circulación para os veciños.
- Lembra que en marzo solicitaron copia de escritos relativos á EDAR e que o concelleiro delegado manifestou que remitiría, e afirma que existen problemas xerados ós veciños polas obras e que o Concello non adoptou medidas.
- Pregunta que son as obras que se están a facer no contorno de Limodre xa que non existe ningún cartel identificativo.
- Pregunta se existe unha previsión sobre o execución da obra dos vestiarios do campo de fútbol.
- Pregunta cando se prevé presentar a liquidación do ano 2009.
- Recorda e pregunta sobre o coñecemento dos conceptos das facturas que se levaron a Pleno en decembro e que foron obxecto de emenda por importe de 30.000 euros.
- Pregunta cando se prevé pagar os 972.000 euros en facturas de exercizos anteriores, xa que os provedores teñen dificultades para pagar aos traballadores.
- Pregunta cando van a presentar os orzamentos e facelos públicos.
- Pregunta o concelleiro cal é a previsión deste ano, xa que no ano pasado se perderon tres cursos, respecto dos cursos do Plan FIP.
- Pregunta pola contestación ás preguntas sobre o proxecto “crear emprego” e “Fene entre nós”.

Pola concelleira do Grupo municipal do BNG Rita María Couto Seijido

- Pregunta sobre o estado do expediente relativo a cesión dunha parcela acordada no Pleno de setembro á Consellería de Vivenda
- Pregunta polas xestións feitas coa Xunta de Galicia polo centro de día e a escola infantil.
- Pregunta se o Concello, tal e como manifestou no parlamento de Galicia o goberno galego en xullo do 2009, pensa ceder outro local para facer o comedor no castro.

Pola concelleira Inés Roca Requeijo

- Di que tras pedir a comparecencia do concelleiro de obras observa o seu Grupo que as xestión da concellería se caracteriza pola mala xestión.
- Roga que nas comisións ordinarias se inclúan as dacións de contas da concellería e califica de subrealista que non se lle dé conta das xestións relativas ó Plan e, POS. Sinala que resultado da ineficiencia do goberno é que pediron coñecer o resultado da eficiencia enerxética e aínda non foi tratado en comisión.
- Quéixase a concelleira de que o autobús do día un de maio que se prevía que ía facilitar o Concello non chegou a prestar o servizo e a xente estivo esperando por el.
- Pregunta a concelleira cando ten previsto o goberno ter o novo tractor.

- Pregunta si de pensa subcontratar os traballos de desbroce.
- Pregunta cales foron os criterios para levar a cabo o pintado das prazas de discapacitados e sinala que primeiro se lles dixo que ían ser pintadas mediante contrata e logo viron a empregados municipais e engade que detectaron varias anomalías.
- Pregunta se o Plan de rebacheos se vai a realizar, solicita información sobre o mesmo e sinala que está a espera do contrato dos voluminosos.

Polo concelleiro do Grupo municipal do BNG, Edgar Antonio Vigo López:

- Pregunta quén é o voceiro do Grupo municipal do PSOE nos plenos ordinarios.
- Pregunta que tratamento se lle vai dar o “Parque Galaxia” no que o concello tiña pensado darlle unha proxección provincial ou galega.
- Pregunta cando se ten pensado facer a reapertura do museo do humor.
- Pregunta se está previsto poner en marcha o consello do parque de educación viaria.
- Pregunta polo estado do pagamento das subvencións nominativas.
- Di que felicita ó concello polas novas actividades e acción culturais e que é preciso conservar as actividades propias do Concello que son parte da súa cultura ou historia.
- Pregunta quen pensou no irmanamento coa cidade francesa de Plabeneq e en que estado se atopa.

Polo concelleiro do Grupo municipal do B.N.G. Manuel Vicente Pico Sanmartín:

- Pregunta se as placas roubadas nos parques se van a repoñer e roga que o material das que se repoñan non sexa o bronce.
 - Sinala que existen parques totalmente abandonados e pon como exemplo o do Río Va.
 - Pregunta polo alumeadado de Vilar do Colo.
- (Abandona a sesión a concelleira do BNG Rita María Couto Seijido)
 Pregunta se unha construción dun cerre en Limodre, xunto con unha urbanización que se esta a realizar, conta con licenza de obra.
 (Regresa a sesión a concelleira do BNG Rita María Couto Seijido)
 (Auséñstase da sesión Juan Manuel Lourido González).
 O alcalde fai uso da palabra para responder ás preguntas formuladas sinalando que en Barallobre existían dificultades presupostarias e tras a licitación a empresa adxudicataria entrou en concurso de acreedores.
 Respecto de Vilar do Colo sinala o alcalde que faltaba a autorización da Dirección xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia, e que en principio o informe vai ser favorable.
 Sobre os catro mil euros da actividade das palilleiras e artesáns sinala que Permuy lle trasladou que estaba disposto a facer a feira e que a cantidade que pode aportar o Concello non a pode determinar agora mesmo pero que o que se manifestou e que a cantidade que aportase o Concello non será inferior a de anteriores anos.
 (Reincorpórase á sesión o concelleiro Juan Manuel Lourido González).
 Respecto do terreo da nave á que se referiu o concelleiro o concelleiro do B.N.G. o alcalde di que pertence a Portos de Galicia.
 Sobre a petición do colexo de Centieiras o alcalde di que acompañou á directora do colexo a unha xuntanza coa delegada por mor do exceso de matrícula e que a delegada manifestou que non era razoable incrementar as prazas do colexo cando existían prazas vacantes noutros colexos de Fene. Outras deficiencias doutros colexos foron tamén trasladadas e tamén se invitou á delegada a acudir a visitar o Concello, di o alcalde. Prosegue o alcalde dicindo que ese mesmo día tivo unha xuntanza coa ANPA de Xunqueira e o Secretario xeral sobre o soterramento con industria. Respecto da ampliación do Instituto manifestou o Secretario xeral, segundo o alcalde, que examinarían o expediente para comprobar se o acordo plenario era suficiente e que se non o era requirirían outro.

Respecto das obras que se están a facer na praia de Limodre o alcalde sinala que é Costas do Estado quen as está a facer, que a obra ten un orzamento de dous centos mil euros e que estase a facer un retranqueo do muro de formigón e que a canalización do Río, foirto do acordo co Concello de Ares, desplázase seis metros dotando dun mellor acceso á praia e que o prazo de execución é ata o 15 de xuño.

Respecto do expediente do contrato do vestiario do campo de fútbol o alcalde sinala se atopa a espera de informe xurídico.

Respecto das vivendas de sartego sinala o alcalde que estivo en contacto coa Consellería e que dende a Consellería lle manifestaron que a empresa adxudicataria renunciou ó contrato e que están pendentes de volver a contratar.

Respecto do centro de día e a escola infantil o alcalde sinala que non hai novidades, que hai solicitada unha xuntanza pero que todavía non hai resposta.

Respecto a existencia dun local cedido polo Concello para o comedor o alcalde di que non existe tal local e que o local contiguo xa é propiedade da Xunta de Galicia, que o delegado territorial dixo que a idea que barallaba polas limitacións orzamentarias era face o comedor novo sen a cociña.

Respecto das subvencións o alcalde sinala que en tesourería lle manifestaron que quedarían o día de hoxe pagadas.

Respecto do irmanamento con Plabennec o alcalde sinala que xurdiu como iniciativa dese pobo, que a UE impulsa este tipo de medidas e que a relación con ese pobo francés débese a que dende o instituto estívose a facer intercambios culturais entre os rapaces de Fene e de Plabennec.

Sobre o alumeado de Vilar do Colo á rotonda di o alcalde que se atopa no Concello de Cabanas, que é un problema de roubo de cable e que na parte nova pediuse uha subvención á Xunta de Galicia para substituir o alumeado.

Pola concelleira María del Carmen Silvar Canosa, respecto do Parque Galaxia sinala que existe un programa de actividades, que non é o previsto pola empresa que realizou o proxecto xa que este, di a concelleira, resulta economicamente inviable, e que dará conta das actividades e do programa así como da reapertura do Museo do Humor. Sobre o parque de seguridade vial a concelleira di que tiveron una xuntanza co xefe de tráfico da Coruña para facer o cambio de representantes e trasnsmitirille as carencias e material e que en vindeiros días terán una nova xuntanza.

O concelleiro José Antonio López Rodríguez sinala en resposta a preguntas efectuadas que as dificultades polas obras da EDAR lles preocupa seriamente e así llo comunicaron á empresa esixíndolle de inmediato a reposición o estado anterior das actuacións realizadas que afectan ós vecinos. Respecto do tractor, o concelleiro sinala que o día da sesión adxudicouse provisionalmente e que no prazo de 15 días elevarase a definitiva a adxudicación e que logo terá o adxudicatario dous meses para a entrega do tractor. Sobre as bases do tractorista sinala que se atopan en Secretaría. Respecto do pintado di que é un tema polémico, que existía algún que era especialmente urxente, como os dos minusválidos, que foron encargados. Sobre o rebacheo sinala o concelleiro que mirarán o suxerido polo B.N.G.. Respecto do autobús do día un de maio o concelleiro pide disculpas ós afectados e recoñece a falla de comunicación coa empresa.

Polo concelleiro Manuel Ángel Rodríguez Carballeira en resposta ás preguntas realizadas sinala que a liquidación xa está en mans de tódolos grupos e que presentarán unha proposta de orzamento na próxima semana. Respecto das facturas obxecto de emenda no expediente de recoñecemento extraxudicial de decembro do ano pasado o concelleiro di que existían unha serie de facturas non claras e que se comprometera a dar información de determinadas facturas e que dará de forma individualizada información, engadindo que unha delas é do ano 2005. Respecto do orzamento di que facilitou o trinta e un de xaneiro un borrador ós grupos e que o longo deste mes irá a comisión informativa e levarase á aprobación.

Polo concelleiro Juan Manuel Lourido González en resposta as preguntas formuladas sinálase que se terá que usar outro material para as placas e que a policía local está a investigar o

asunto. Sinala que aínda se están a facer o pintado, que o concelleiro José Antonio López Rodríguez ocupouse das urxentes e que el deu a orde de correxir a praza de minusválidos que estaba mal pintada.

A concelleira Amalia García Balado refírese a limpeza dos parques sinalando cando se realizou a limpeza dalgúns e cando prevé que se faga a doutros.

b) Polo Grupo municipal do PP

O voceiro do Grupo municipal do P.P. realiza as seguintes:

- Pregunta cal é o resultado do informe técnico en relación coas beirarrúas de Limodre, e solicita que se informe na comisión.
- Pregunta a cantas persoas se lle aprobou os servizos recollidos na Lei de dependencia este ano no Concello e se coñece cantas persoas cobraron os atrasos.
- Pregunta se ten coñecemento das perdas do emisario de Barallobre.
- Pregunta se nos módulos se van poñer os locais de ensaio, xa que tiña entendido que alí se ía ubicar o Centro de día.
- Pregunta se foi reposta a baranda do sendeiro da fervenza.
- Di que fai un ano preguntou sobre o lavadeiro de Regueiro e que se dixo que ía ser posto de forma inminente e que aínda non foi colocado.
- Pregunta cando se prevé a execución do Muro da Changa.
- Pregunta se o pintado na saída da Rúa Quiroga foi una actuación oficial. O concelleiro José Antonio López Rodríguez sinala que si.
- Pregunta se o concello ten un mapa de sinalización, sinalando que é un instrumento importante. Pregunta quen ordeou pintar a praza de minusválidos.
- Sinala que o asunto relativo a praza do Perla é moi grave e que queren unha copia da súa cesión e di que o día de hoxe a comunidade de veciños vai acordar a cesión do seu uso.
- Roga que se estude a posibilidade de reducir o alumeadado en determinadas zonas.
- Reclama a suxeición dos colectores de basura no Centro de día.
- Roga que os baches na estrada da Fraga e na Escola Infantil se recheen.

Faise uso da palabra polo alcalde para dicir que sobre as beirarrúas ás que se referiu o concelleiro darase conta na Comisión. Sobre o emisario de Barallobre o alcalde sinala que foi encargado un informe polo concelleiro de obras a Aquagest, que probablemente o Concello non sexa capaz de amañar este problema que si será amañado cando entre en funcionamento a EDAR.

(Abandona a sesión o concelleiro Manuel Sánchez Martínez.)

Respecto do módulos o alcalde sinala que a Xunta de Galicia non vai facer o Centro de Día nun espazo de tempo breve e que iso se xunta cos locais de ensaio e o convenio que a Xunta de Galicia non quere levar a cabo polo que se falou cos grupos de música de dotar a ubicación sinalada para os locais habilitándoos mínimamente. Respecto das prazas de aparcamento sinala que están de acordo en estudar establecer un procedemento pero entenden que non é una actuación competencia da Xunta de Goberno. Sobre a Rúa do Río Cádavo sinala que leva máis de un ano en dobre dirección. Sobre a praza do Perla di que a cesión non pode ser de propiedade e só pode ser de uso da superficie. Respecto da redución no alumeadado di o alcalde que xa foron instalados en determinadas zonas reductores de fluxo que reducen o consumo como por exemplo en San Valentín e que na Praza Verde está programado o apagado das luces antes.

O concellerio Juan Manuel Lourido Gonzñalez sinala que descoñece a existencia dun mapa de sinalización pero que é necesario favorecer a accesibilidade e de forma áxil.

O concelleiro José Antonio López Rodríguez sinala que a baranda da fervenza será amañada, que os problemas do lavadoiro aínda non foron solventados e que sobre o asunto de Queiruga volverá a falar coa Xunta para que se retome o tema.

c) Polo concelleiro do Grupo mixto municipal

-Pregunta si a obra no porto de Barallobre foi licitada xa.

-Di que o consello da radio e o seu patronato tivo unha ou dúas reunións durante a lexislatura polo que é preferible que se suprima.

-Pregunta como se atopan as xestións do muiño de Río de Va.

O alcalde responde dicindo que, en relación coa obra de Barallobre, o Concello non ten coñecemento da obra, nin do plan, nin do proxecto, que os planos que foron publicados no DOG non coinciden cos remitidos ó Concello, que se solicitou información e que os remitiron a internet, que requirirán por escrito información e que se algún día teñen a ben contactar co Concello o Concello manifestará o que pensa. Prosegue dicindo que o Presidente de Portos comentou que se trata dun proxecto similar ó que a Consellería do anterior goberno aprobou con determinadas melloras. O alcalde califica a actitude da Xunta co Concello de prepotente, provocadora e chulesca neste asunto. Sobre o muiño do Río de Va o alcalde sinala que falta por executar o interior e que se está a facer unha valoración e que na xuntanza do Grupo de desenvolvemento rural pola consellería parece que se manifestou que sobre as dotacións económicas do ano 2008 non se fixou data para realizalas, que as de 2009 se perderían e que para 2010 a Xunta decidiu non poñer cartos para poder optar ós fondos europeos, condicionando as obras de 2010 a que se execute o pago a 30 de novembro e de non facerse así perderíanse os cartos, correspondéndolle o anticipo do cento por cento dos cartos para que foran devoltos no 2011 e 2012 pola Xunta. Respecto do Consello da radio alcalde sinala que se está a estudar a súa situación.

3º Dación de contas das resolucións da Alcaldía dende a número 179/2010 ata a número 265/2009.

Dáse conta das resolucións sinaladas. O voceiro do Grupo municipal do P.P. pregunta como é posible que se soliciten informes xurídicos externos cando xa consta informe municipal favorable. O alcalde sinala que será comprobado.

E non tendo máis asuntos que tratar levantouse a sesión polo Sr. alcalde sendo as 21:15 horas da data indicada na cabeceira, do que dou fe e extendo a presente acta.

Visto e praxe

O alcalde

O secretario

Iván Puentes Rivera

Jesús Tallón García